



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**



Fondo Social Europeo  
*"O FSE inviste no teu futuro"*

# PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

IES Poeta Añón. A Serra de Outes



## ÍNDICE

I.	INTRODUCCIÓN .....	2
1.	SITUACIÓN .....	3
2.	CONTEXTO SOCIOECONÓMICO DO CENTRO .....	4
2.1.	AS FAMILIAS.	
2.2.	O ALUMNADO.	
2.3.	O PROFESORADO.	
3.	TIPOLOXÍA DO CENTRO .....	4
3.1.	TITULARIDADE.	
3.2.	UNIDADES.	
3.3.	INSTALACIÓNS.	
3.4.	HORARIOS.	
3.5.	PERSOAL.	
3.5.1.	Persoal docente.	
3.5.2.	Persoal non docente.	
3.6.	TRANSPORTE ESCOLAR.	
4.	NIVEIS DE ESTUDOS IMPARTIDOS .....	8
5.	METODOLOXÍA E COMPETENCIAS BÁSICAS .....	8
6.	CRITERIOS XERAIS SOBRE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO .....	13
7.	LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	17
8.	EDUCACIÓN EN VALORES .....	17
9.	ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POLA RELIXIÓN .....	18
10.	ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS .....	19
11.	LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL .....	19
12.	LEXISLACIÓN APLICABLE .....	21

## ANEXOS

A1.	PLAN DE EVACUACIÓN E AUTOPROTECCIÓN.
A2.	REGULAMENTO DE RÉXIMEN INTERNO.
A3.	PROXECTO LINGÜÍSTICO.
A4.	PLAN LECTOR.
A5.	<b>PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.</b>
A6.	PLAN DE CONVIVENCIA.

## I INTRODUCCIÓN

O Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establece no seu artigo 18º que, dentro da súa autonomía:

Os centros, no exercicio da súa autonomía, poderán adoptar experimentacións, plans de traballo, formas de organización ou ampliación do horario escolar nos termos que establece a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sen que, en ningún caso, se impoñan contribucións ás familias.

Os centros docentes, no exercicio da súa autonomía pedagóxica, incluírán no proxecto educativo do centro a concreción do currículo, que contará polo menos coas seguintes epígrafes:

- a) Adecuación dos obxectivos xerais de etapa ao contexto socioeconómico e cultural do centro, e ás características do alumnado, tendo en conta o establecido ao respecto no propio proxecto educativo.
- b) Decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía e a súa contribución á consecución das competencias básicas.
- c) Proxecto lingüístico.
- d) Incorporación, a través das distintas áreas e materias da educación en valores.
- e) Criterios xerais sobre a avaliación e promoción do alumnado.
- f) Liñas xerais de atención á diversidade.
- g) Plans específicos para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- h) Proxecto lector de centro.
- i) Plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación.
- j) Plan de convivencia, facendo especial atención á promoción de actividades para a igualdade entre mulleres e homes e a prevención de violencia de xénero.
- k) Atención educativa ao alumnado que non opte por ensinanzas de relixión.
- l) Liñas xerais para a elaboración dos plans de orientación e acción tutorial.
- m) Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes.

Tratando de seguir este esquema elaboramos o presente Proxecto Educativo de Centro co obxectivo de que sirva de guía para o desenvolvemento das actividades que se realizan no IES ao longo de todo o curso.

Hai que salientar que integramos neste novo PEC tanto o Regulamento de Réxime Interno como o Plan de Evacuación e Autoprotección xa elaborados recentemente.

Inclúense como anexos os plans a elaborar todos anos e que teñen unha estrutura propia.

## 1 SITUACIÓN.

O Instituto Poeta Añón da Serra de Outes comezou a funcionar no curso 1998-99 compartindo as instalacións co CEIP de A Serra de Outes. En xaneiro de 1999 se traslada ao actual edificio que foi inaugurado o 11 de marzo de 1999.

Está situado na rúa Poeta Añón, s/n, C.P. 15230, A Serra de Outes, concello de Outes, A Coruña.

Número de teléfono/fax 981850637. Teléfono2: 981850137

Dirección de correo electrónico: [ies.poeta.anon@edu.xunta.es](mailto:ies.poeta.anon@edu.xunta.es).



Atópase na localidade de A Serra de Outes, entre os km 10-12 da C-550 de Noia a Muros, nunha rúa algo alonxada do centro do pobo que fai o seu límite leste, caracterizada pola baixa densidade de edificacións todas de carácter unifamiliar.

O Centro está a uns 325 m. do río Tines, de escaso caudal, nunha suave pendente entre os 20-30 metros de altitude m.n.m.

As coordenadas xeográficas do Centro son: Latitude: 8°54'40''E, lonxitude: 42°50'40''N.

A Serra de Outes está situada nun dos extremos interiores da ría de Noia, nas terras baixas que rodean as marxes da ría, ó final dun pequeno val, posiblemente de orixe tectónico, recorrido polos últimos quilómetros dos ríos Tines e do Rial que van a desembocar xusto nese punto o mar na enseada do Engano.

En xeral todo o concello presenta unhas características moi similares, terras baixas ós marxes da ría e logo, moi cerca da costa, entre 2 e 6 km de distancia, o terreo comeza a subir cara ó interior de maneira continua, ata altitudes que van dos 100 ós 600 m., de feito o máximo cume do Concello o monte Tremuzo (525 m.) atópase bastante preto da costa. Acadadas estas cotas, nos concellos limítrofes do interior, a altitude xa non vai a máis

## **2 CONTEXTO SOCIECONÓMICO DO CENTRO.**

### **2.1. As familias.**

As familias de procedencia do alumnado presentan , a grandes rasgos, un nivel da renda familiar medio. O nivel de instrucción paterno e materno é baixo.

As actividades agropecuarias ocupan a maior parte da poboación activa, así como o labor de marisqueo e a pesca de baixura (nos portos do Freixo e San Cosme).

Unha gran porcentaxe das nais teñen como única profesión a de ama de casa. En canto a produción industrial desenvólvese fundamentalmente en torno a catro sectores: serradoiros, asteleiros, formigóns e construción.

### **2.2. Alumnado.**

Atópase un elevado índice de dificultades xeralizadas de aprendizaxe, fundamentalmente con referencia ó uso das linguas, a nivel expresivo (oral e escrito) e receptivo, precisando adoptar medidas organizativas e curriculares axeitadas segundo as circunstancias. A esta problemática hai que engadir a ausencia de hábitos básicos na familia (en relación coa alimentación, sono, constancia no traballo escolar, ...) que favorezan o proceso de aprendizaxe.

Tocante a lingua, o alumnado procedente do medio rural é maioritariamente galego-falante.

Principalmente proceden do CEIP de Outes e o CEIP Emilio Navasqües de Roo e cabe salientar que amosan unha importante actitude sexista, que se manifesta na dificultade para aceptar algunhas das actividades propostas ao longo da etapa.

### **2.3. Profesorado.**

O profesorado oscila arredor dos 32 profesores, unicamente 5 son provisionais e a maioría ten unha estabilidade de varios anos no centro.

A estabilidade do profesorado no centro facilita a implicación dos docentes en proxectos culturais, extraescolares, educativos, e a continuidades dos mesmos. Tamén facilitará a convivencia có alumnado baseada no mutuo coñecemento, respecto e valoración por ámbalas dúas partes.

## **3. TIPOLOXÍA DO CENTRO.**

### **3.1. Titularidade.**

O IES Poeta Añón é un centro de carácter público que pertence á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

### 3.2. Unidades.

Aínda que contaba con 12 unidades cando foi creado, actualmente o centro ten aprobadas 11 unidades de ESO. A distribución por niveis é:

3 grupos de 1º de ESO.

3 grupos de 2º de ESO.

3 grupos de 3º de ESO.

2 grupos de 4º de ESO

Tamén se realizan estudos de ESO en modalidade de adultos ( educación secundaria para as persoas adultas) que se imparte en horario de noite.

O alumnado cursa os módulos 1 e 3 ata o mes de febreiro e os módulos 2 e 4 desde febreiro ata o mes de xuño. Por esta razón só funcionan dúas unidades simultaneamente.

Impartimos un programa de iniciación profesional inicial (PCPI) de tipo C e modalidade mixta. No IES permanece o alumnado 14 horas semanais, recibindo o resto de formación en empresas.

### 3.3. Instalacións.

Para impartir as clases ordinarias o centro dispón de 11 aulas para cada un dos grupos de alumnado de ESO e un aula para o desdobre de materias, que ten escasa capacidade e que dificulta a súa utilización cando é necesario agrupar alumnos de distintas aulas.

Existen aulas específicas de música, debuxo, un só laboratorio que comparten Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía, un aula taller de Tecnoloxía, un ximnasio e dúas aulas de informática.



Hai unha sala para o profesorado e unha zona de departamentos con 10 salas.

Existe unha zona administrativa onde se atopan os despachos de dirección, xefatura de estudos de diúrno, secretaría, orientación, local de alumnado, antiga aula reservada para a asociación de pais que ocupa a xefatura de estudos de adultos e local de conserxería, reprografía e administración.

No IES non hai servizo de comedor polo que foi reconvertido este espazo nunha sala de usos múltiples cunha dotación de medios audiovisuais suficiente para realizar as actividades do centro.

A biblioteca do centro está dividida en dous niveis comunicados por unha escaleira que dificulta o acceso ao persoal con mobilidade reducida. A pesar da limitación do espazo, actualmente posúe unha correcta dotación de libros e material audiovisual e dispón dunha zona con ordenadores para o alumnado.

Desde o curso 2007-08 todas as zonas do IES dispoñen de conexión telefónica e cobertura wifi en todo o centro.



Hai un patio interior grande moi empregado para realizar as actividades complementarias e xogar ao ping pong durante os recreos e un patio exterior con pistas de balonmán, baloncesto e zona verde arborada con especies autóctonas.

### 3.4. Horarios.

O alumnado de ESO en modalidade de diúrno ten unha xornada de seis sesións de 50 minutos desde as 8,25 ata as 14,05 con dous descansos de 20 minutos de luns a venres. O luns hai dúas sesións de tarde desde as 16,20 ata as 18 horas.

O alumnado de EPA asiste ao centro desde as 18,45 ata as 22,40 de luns a xoves, adiantando a saída o venres as 21,55 horas. Os cursos son cuadrimestrais impartindo simultaneamente os módulos 1 e 3 ata o mes de febreiro e despois os 2 e 4 ata o mes de xuño.

A formación básica do PCPI impártese no IES de 16,50 ata as 20,15 de martes a venres.

### 3.5. Persoal.

O esquema organizativo do IES é o seguinte:

#### **Órganos unipersonais**

**Dirección.**

**Xefatura de estudos de diúrno.**

**Xefatura de estudos de nocturno.**

**Secretaría.**



<b>Órganos colexiados</b>	<b>Consello Escolar.</b>  Comisión económica e de control do programa de gratuidade dos libros de texto. Comisión de biblioteca. Comisión de convivencia. <b>Claustro de Profesorado.</b>
<b>Órganos de coordinación docente</b>	<b>Departamentos.</b>  Departamentos didácticos. Departamento de orientación. Departamento de actividades complementarias e extraescolares. Equipo da biblioteca. <b>Comisión de Coordinación Pedagóxica.</b> <b>Equipo de coordinación e dinamización lingüística.</b>

### 3.5.1. Persoal docente

O profesorado oscila arredor dos 32 profesores, unicamente 5 son provisionais e a maioría ten unha estabilidade de varios anos no centro.

Do total, 10 son mestres, que imparten clase no primeiro ciclo e o restante son profesores que imparten fundamentalmente no segundo ciclo.

Tamén hai que salientar que un mestre imparte clases en EPA exclusivamente (módulos 1 e 2 de EPA e PCPI) e que algún profesor de segundo ciclo deben compartir ESO e EPA (módulos 3 e 4). Este feito de ter que compartir o horario de diúrno e nocturno dificulta a elaboración dos horarios destes profesores.

Temos unha praza de pedagogía terapéutica cuberta por unha especialista con destino definitivo e outra provisional da especialidade de audición e linguaxe que foi concedida debido ao alto número de alumnado con necesidades educativas especiais que hai no centro de forma permanente.

### 3.5.2. Persoal non docente.

Está integrado por un auxiliar administrativo, unha conserxe en horario de mañá, un conserxe en horario de tarde/noite e dúas persoas encargadas da limpeza do centro. Todas estas prazas están ocupadas por persoal con carácter definitivo.

### 3.6. Transporte escolar.

O alumnado vive en lugares dispersos polo Concello, polo que empregan o transporte escolar un 90 por cento.

Están distribuídos en 10 liñas, 7 a cargo da empresa Manuel Ferrín Suárez e 3 da empresa José M<sup>a</sup> Maceiras Suárez.

#### 4 ESTUDOS IMPARTIDOS.

No centro impartimos estudos de ESO, de Educación Secundaria para adultos e PCPI.

Desde o curso 2008-09 no que remata a implantación da ESO ofertamos a materia de Iniciación a Electricidade e Electrónica en 3º e 4º de ESO.

A proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica aprobouse en claustro que unicamente impartíramos a modalidade B das Matemáticas de 4º de ESO. Tamén decidimos a elaboración de itinerarios en 4º de ESO para orientar a elección de optativas polo alumnado.

En xornada de noite se realizan estudos de educación secundaria en modalidade de adultos (educación secundaria para as persoas adultas). Neste nivel impartimos a materia de Informática como optativa ofertada polo centro nos módulos 3 e 4. Realízase en horario nocturno para facilitar a presenza de alumnado que traballa polas tardes.

A oferta educativa a completa un programa de iniciación profesional inicial (PCPI) de tipo C e modalidade mixta. No IES permanece o alumnado 14 horas semanais para seguir a formación xeral, recibindo a formación específica en empresas.

#### 5 METODOLOXÍA E COMPETENCIAS BÁSICAS.

A Comisión Europea da Educación estableceu unhas competencias clave ou destrezas básicas necesarias para a aprendizaxe das persoas **ao longo da vida** e animou aos estados membros a dirixiras súas políticas educativas nesta dirección. Defínese a competencia clave ou básica como a capacidade de responder ás demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas da forma adecuada.

Supón unha combinación das habilidades prácticas, coñecementos, motivacións, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais que actúen conxuntamente para o logro dunha acción eficaz. As competencias claves son aquelas nas que se sustentan a realización persoal, a inclusión social, a cidadanía activa e o emprego.

O artigo 6 da *Lei Orgánica 2/2996, de 3 de maio, de Educación (L.O.E.)* (B.O.E. Nº 106, 4-maio-2006) define o currículo como “o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación”.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, identificáronse oito competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática.
3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
4. Tratamento da información e competencia dixital.
5. Competencia social e cidadá.
6. Competencia cultural e artística.
7. Competencia para aprender a aprender.
8. Autonomía e iniciativa persoal.

Con estas premisas elaboramos o seguinte proceso para o desenvolvemento e avaliación das competencias básicas:

**1. NIVEIS DE DOMINIO OU GRAO DE CONSECUCIÓN**

Valórase cada competencia do 1 ao 5 considerándose suficiente con 3 ou valores superiores.

**2. ANOTACIÓN DO NIVEL DOS INDICADORES**

O profesor de cada área ou materia marcará o nivel acadado polo alumnado en cada un dos indicadores da competencia avaliada.

A cualificación global será a media aritmética de todos os indicadores.

**3. CUALIFICACIÓN GLOBAL DE CADA COMPETENCIA E GLOBAL DO TODAS AS COMPETENCIAS**

Coas anotacións de nivel globais de todas as áreas e materias que avalían unha competencia obterase a cualificación global da mesma.

Esta cualificación corresponderase **coa media ponderada** das anotacións rexistradas en cada área/materia para cada competencia.

**4. PROPOSTAS DE RECUPERACIÓN OU MELLORA**

Anotarase o numero de referencia das dimensión e elementos de cada competencia nas que o alumnado deberá mellorar.

Esta cualificación global servirá de base para tomar as decisións de promoción e titulación dos alumnos e para informar ás familias.

## 5.1. Definición operativa das competencias básicas.

<b>Nº1. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>
<b>1. FALAR E ESCOITAR</b>					
A. Comprende e expresa ideas, sentimentos e necesidades					
B. Adecúa a fala á variedade de situacións comunicativas					
C. Aprende a comunicarse e interactuar nalgunha lingua estranxeira					
<b>2. LER</b>					
A. Realiza unha correcta lectura expresiva					
B. Comprende o que le					
<b>3. EXPRESARSE POR ESCRITO</b>					
A. Escribe e presenta diversos tipos de texto correctamente.					
<b>CUALIFICACIÓN GLOBAL</b>					

<b>Nº2. COMPETENCIA MATEMÁTICA</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>
<b>1. DOMINAR A EXPRESIÓN MATEMÁTICA</b>					
A. Coñece, comprende e utiliza os números e as operacións básicas					
B. Utiliza correctamente fórmulas e expresións matemáticas					
<b>2. FORMULAR E RESOLVER PROBLEMAS</b>					
A. Aplica os coñecementos matemáticos á resolución de problemas reais.					
B. Expresa correctamente e analiza os resultados obtidos ao resolver problemas					
<b>CUALIFICACIÓN GLOBAL</b>					

<b>Nº3. COÑECEMENTO E A INTERACIÓ CO MUNDO FÍSICO</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>
<b>1. VALORAR A IMPORTANCIA DO EXERCICIO FÍSICO E A NUTRICIÓN</b>					
A. Valora a importancia do exercicio físico e a nutrición e adopta un estilo de vida saudable.					
<b>2. COÑECER E APLICAR PROCESOS CIENTÍFICOS E TECNOLÓXICOS</b>					
A. Utiliza os coñecementos científicos adquiridos para a explicación de problemas actuais					
B. Valora os descubrimentos científicos e o seu interese para o avance e o progreso.					
<b>3. FORMULAR E RESOLVER PROBLEMAS</b>					
A. É capaz de desenvolver investigacións sinxelas, teóricas ou experimentais para resolver problemas					
B. Coñece os principais problemas do mundo actual e as propostas para soluciónalos					
<b>CUALIFICACIÓN GLOBAL</b>					

<b>Nº4. TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>
<b>2. A COMPETENCIA DIXITAL.</b>					
A. Coñece e utiliza os recursos informáticos actuais para o acceso e tratamento da información.					
<b>1. TRATAMENTO DA INFORMACIÓN.</b>					
A. Utiliza técnicas e estratexias diversas para acceder a información					
B. Selecciona e valora de forma crítica a información obtida					
<b>CUALIFICACIÓN GLOBAL</b>					

<b>Nº5. COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>
<b>1. DISPOR DE HABILIDADES SOCIAIS PARA CONVIVIR</b>					
A. Adquiriu educación cívica básica para participar nunha sociedade democrática.					
B. Posúe habilidades para traballar en equipo e afrontar conflitos persoais ou interpersoais.					
<b>2. COMPRENDER A REALIDADE HISTÓRICA E SOCIAL DO MUNDO ACTUAL E A SÚA EVOLUCIÓN</b>					
A. Coñece e interpreta o territorio e as condicións socioeconómicas.					
B. Coñece e interpreta de forma crítica os principais acontecementos históricos.					
<b>CUALIFICACIÓN GLOBAL</b>					

<b>Nº6. COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>
<b>1. COÑECER E USAR AS DISTINTAS LINGUAXES ARTÍSTICAS E TÉCNICAS</b>					
A. Exprésase mediante distintos códigos artísticos e técnicos.					
B. Dispón de habilidades perceptivas para a creación artística e cultural.					
C. Interésase e disfruta coas obras de arte e outras manifestacións culturais.					
<b>2. APRENDER A VALORAR O PATRIMONIO ARTÍSTICO E CULTURAL</b>					
A. Aprecia o papel das manifestacións máis destacadas do patrimonio artístico e cultural.					
<b>CUALIFICACIÓN GLOBAL</b>					

<b>Nº7. COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>
<b>1. VALORAR O ESFORZO E A MOTIVACIÓN</b>					
A. Adopta actitudes positivas cara o esforzo persoal					
B. Sente curiosidade por aprender					
C. Ten interese por facer as cousas ben feitas.					
<b>2. ADQUIRIR OS HÁBITOS DE TRABALLO INTELECTUAL</b>					
A. Coñece e utiliza as estratexias e técnicas da aprendizaxe e do traballo intelectual.					
B. Avalía e corrixe os erros cometidos no proceso de aprendizaxe.					
<b>CUALIFICACIÓN GLOBAL</b>					

<b>Nº8. AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>
<b>1. SABER TOMAR DECISIONS.</b>					
A. Elabora plans de acción para tomar decisións adecuadas nos ámbitos persoal, académico e profesional valorando os riscos e aprendendo dos erros.					
<b>2. TER INICIATIVA E ACTITUDE EMPRENDEDORA.</b>					
A. Adáptase a novas situacións e retos persoais, académicos e laborais tendo en conta as súas capacidades e desexos.					
B. Ten habilidades e actitudes relacionadas coa integración en grupos de traballo e a organización de tarefas cooperativas					
<b>CUALIFICACIÓN GLOBAL</b>					



AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS. 4º ESO																		
CB	FQ	BX	MA	TEC	LC	LG	IN	FR	CS	ET	EF	EPV	MUS	IPEE	OIE	CuCI	REL	TOTAL
1																		
2																		
3																		
4																		
5																		
6																		
7																		
8																		

## 6 CRITERIOS XERAIS SOBRE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Segundo as instrucións da *Orde do 21 de decembro de 2007, pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*, durante o curso estableceranse tres sesións de avaliacións. As datas destas sesións determínanse no mes de setembro no claustro de principio de curso trala proposta da Comisión de Coordinación de Pedagóxica. Nesta mesma sesión do claustro quedan fixados tamén os exames do mes de maio para o alumnado que ten que recuperar materias pendentes de cursos anteriores. A xunta de avaliación desta proba de maio reunirse a principios do mes de xuño para que as materias pendentes estean cualificadas antes da avaliación final.

Os exames extraordinarios do mes de setembro serán nas datas que determina a orde anual da Consellería.

A proposta da CCP elaboramos un modelo para recoller a información inicial do alumnado coa que os titores elaborarán o informe inicial de avaliación.

Por decisión da CCP haberá unha reunión da xunta de avaliación para o alumnado de 1º de ESO a celebrar no mes de outubro de cada curso na que se analizarán as características do novo alumnado e se tomarán as decisións sobre as exención no francés e as medidas de reforzo a adoptar á vista dos datos iniciais tomados e dos informes previos existentes.

Para o resto do alumnado hai deseñados modelos de informe para que todo o profesorado lle facilite ós titores a información sobre a avaliación inicial dos alumnos.

Tamén se elaboraron os modelos para elaborar de forma simple e eficiente a avaliación das competencias básicas dentro do informe de avaliación final.

Segundo o recollido no Regulamento de Réxime Interno do IES, a falta reiterada a clase pode provocar a imposibilidade de avaliar ao alumnado. A tal fin, establécese que o alumnado poderá **perder o dereito a avaliación continua** nunha materia cando o número de faltas non xustificadas por curso exceda do

sinalado a continuación. Para que esto se produza será requisito indispensable que o titor/a llo comunique por escrito á Xefatura de Estudos, quen a súa vez, comunicarllelo ao interesado.

<b>FALTAS EN ESO</b>	
<b>Periodicidade da materia</b>	<b>FALTAS non xustificadas</b>
1 sesión semanal	4
2 sesións semanais	8
3 sesións semanais	12
4 sesións semanais	16

O alumnado que perda o dereito a avaliación continua deberá realizar os traballos encomendados polo profesorado e presentarse a unha proba final no mes de xuño

As **promocións** do alumnado faranse de acordo cos artigo 6º da Orde do 21 de decembro de 2007.

“O alumnado promocionará ao curso seguinte cando superase os obxectivos de todas as materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas como máximo, e repetirá curso cando teña avaliación negativa en tres ou máis materias. Excepcionalmente, unha vez realizadas as probas extraordinarias, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou un alumno con avaliación negativa en tres materias, se considera que a natureza das dificultades non lle impedirá seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a dita promoción beneficiará a súa evolución académica.”

Por acordo do claustro a excepcionalidade da **promoción** con tres materias suspensas só será considerada para ao alumnado que vise prexudicada a súa aprendizaxe por enfermidade prolongada, cambio de centro ou problemáticas familiares que impidan unha escolarización normal ao longo do curso.

Para decidir a **titulación** do alumnado terase en conta o artigo 7º da Orde do 21 de decembro de 2007.

“O alumnado que ao terminar a educación secundaria superase todas as materias e alcanzadas as competencias básicas e os obxectivos da etapa obterá o título de graduado en educación secundaria. Así mesmo, poderá obter o dito título aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa nunha ou en dúas materias, e excepcionalmente en tres, sempre que o equipo docente que imparte no grupo considere que a natureza e o peso destas no conxunto da etapa non lle impediú alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa.”

A efectos de considerar a **titulación** terase especialmente en conta ao alumnado no que se determine con claridade un abandono total dalgunha das materias suspensas. Esta situación é considerada como unha interrupción do proceso de aprendizaxe e imposibilita a consecución das competencias básicas esixibles para a obtención do título de graduado.

Entenderase que un alumno abandona cando non participa dos procesos de aprendizaxe marcados polo profesorado como, por exemplo, a presentación da libreta coas tarefas da materia, a entrega dos traballos marcados, lectura de libros seleccionados como obrigatorios ou a realización dos exames escritos ou orais sen un mínimo interese (non entregados maiormente en branco).



Para que o abandono sexa considerado como efectivo deberá ser comunicado ao titor ou titora do alumnado antes da realización da segunda avaliación para que se transmita este feito ás familias e se lles notifiquen as súas consecuencias.

O alumnado que abandonara algunha materia ao longo do curso deberá presentar o día da proba extraordinario do mes de setembro os traballos obrigatorios que se lle encomenden e terá que acadar unha nota superior aos dous puntos para que se lle poda conceder o título de graduado en ESO.

Todo o alumnado que o día do exame extraordinario do mes de setembro non entregue os traballos encargados polo profesorado ou non se presente (sen causa debidamente xustificada ao criterio da xunta de avaliación) ao exame dalgunha materia non poderá conseguir o título de graduado en ESO.

A efectos de promoción e titulación teranse en conta as materias suspensas de todos os cursos.

As decisións sobre promoción e titulación do alumnado con materias suspensas requirirán o acordo favorable da maioría simple do equipo docente.

Cada departamento deberá facer constar na súa programación os métodos e criterios de avaliación aos que deberá someterse o alumnado que deba recuperar materias pendentes de cursos anteriores. En todo caso existirá unha proba no mes de maio para este alumnado que será fixada ao principio do curso.

## **EPA**

O referente para este alumnado está recollido na *Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia*.

No nivel dous das ensinanzas básicas iniciais e nas ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas a avaliación estará diferenciada por ámbitos e módulos, incluídos os da oferta curricular propia do centro. O alumnado poderá estar cursando módulos diferentes nos distintos ámbitos e a promoción será por ámbitos de forma independente. Dentro de cada ámbito, o alumnado non poderá ser avaliado dun módulo sen ter superado previamente o precedente ou ter sido promovido a el.

O alumnado que non superase a avaliación final dos módulos de cada ámbito cursados no primeiro cuadrimestre poderá realizar no mes de maio unha avaliación extraordinaria deses módulos. Igualmente, o alumnado que non superase a avaliación final ordinaria dos módulos cursados no segundo cuadrimestre poderá realizar no mes de setembro, nas datas que cada ano se determine, unha avaliación extraordinaria. O equipo avaliador de cada grupo de alumnos decidirá, tras a realización destas probas extraordinarias, sobre a titulación ou promoción aos módulos seguintes daqueles alumnos que as realizasen.

O alumnado cun ámbito suspenso no primeiro cuadrimestre poderá asistir ás clases no módulo seguinte, pero non será avaliado a menos que supere o de inferior nivel na convocatoria extraordinaria de maio.

## **PCPI**

O desenvolvemento da avaliación dos PCPI está recollida na *Orde do 13 de maio de 2008 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia*.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado no primeiro curso dun programa de cualificación profesional inicial realizarase de xeito diferenciado para cada módulo obrigatorio.

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumno ou da alumna, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, é obrigatoria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os módulos obrigatorios que constitúen o programa.

### **Sesións de avaliación**

Sesión de avaliación inicial: outubro.

Primeira sesión de avaliación parcial: decembro.

Segunda sesión de avaliación parcial: marzo.

Terceira sesión de avaliación parcial: finais de abril.

A avaliación final realizarase a finais do mes de maio. Nesta avaliación final de módulos obrigatorios, o equipo docente tomará as seguintes decisións:

Avaliación dos módulos obrigatorios. A avaliación do módulo de FCT será automaticamente de *apto/a* en caso de superar os restantes módulos obrigatorios do programa.

Certificación de superación do primeiro curso do programa para o alumnado que supere a totalidade dos módulos obrigatorios.

Non haberá avaliación extraordinaria.

A cualificación dos módulos obrigatorios, bardante o de formación en centros de traballo, será numérica: entre un e dez, sen decimais. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos. O módulo de formación en centros de traballo cualificarase como *apto* ou *non apto*.

Na avaliación do módulo profesional de formación en centros de traballo colaborarán coa persoa responsable da titoría do centro educativo o titor ou a titora da empresa que designe o correspondente centro de traballo para o período de estadía do alumno ou da alumna, pero non participará na sesión de avaliación final.

A nota final dos módulos obrigatorios do programa de cualificación profesional inicial será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada módulo expresada con dous decimais.

As cualificacións e a nota final dos módulos voluntarios do programa de cualificación profesional inicial serán as establecidas na normativa específica pola que se regula a educación secundaria de persoas adultas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Logo de realizada a terceira avaliación parcial, manterase ata a sesión de avaliación final de módulos obrigatorios o horario previsto no centro educativo para os módulos formativos de carácter xeral e titoría (catorce sesións semanais). Durante este período, o alumnado realizará actividades de preparación para as

probas de acceso a ciclos de grao medio e/ou de iniciación aos módulos voluntarios do segundo curso do programa ou, de ser o caso, actividades de recuperación dos módulos pendentes.

Logo de realizada a avaliación final de módulos obrigatorios, impartiranse clases para a preparación das probas de acceso a ciclos de grao medio ata a súa realización.

## **7 LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

A atención a diversidade debe comezar por unha detección temperá das necesidades do alumnado para tomar as medidas oportunas canto antes.

Na liña apuntada pensamos que fomentar un fluído intercambio de información cos CEIP adscritos contribuirá ó mellor coñecemento do alumnado que se incorpora ao IES e facilitará a súa integración.

Durante as primeiras semana de clase o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado para elaborar unha programación acorde as características do alumnado. Esta valoración previa servirá para detectar o alumnado con problemas de aprendizaxe e adoptar as medidas oportunas.

No caso do alumnado de 1º de ESO reunirse a xunta de avaliación para realizar unha avaliación inicial e tomar decisións sobre as medidas de reforzo e as exención da segunda lingua estranxeira.

No momento no que se detecten problemas de aprendizaxe o profesorado, en colaboración co departamento de orientación, elaborará as medidas de reforzo educativo que considere oportunas. Estas medidas se detallarán nun informe que se achegará ao expediente do alumnado.

Para aqueles alumnos nos que se detecte un retardo académico elevado respecto ao seu grupo procederase a elaboración da correspondente adaptación curricular significativa despois de cumprir cos trámites regulamentarios.

Nos casos onde o reforzo na aula por parte do profesorado non sexa suficiente poderá este efectuarse fóra da mesma polos especialistas do departamento de orientación. O alumnado e o número de sesións virá dado pola dispoñibilidade do persoal do IES.

Outra das posibilidades para o alumnado que cumpra os 16 anos con poucas posibilidades de acadar o título é a realización dun Programa de Cualificación Profesional Inicial e que podería completarse cos módulos voluntarios conducentes a consecución do título de graduado. Esta vía é interesante neste centro posto que poderían realizalos no IES, aproveitando que coinciden co currículo de educación para adultos.

## **8 EDUCACIÓN EN VALORES.**

As diversas áreas deben contribuír a desenvolver as capacidades plasmadas nos obxectivos da etapa, e adoptarán unha metodoloxía que actuará:

- promovendo a formación de persoas tolerantes, cooperativas, solidarias e democráticas.
- consolidando hábitos de estudo e traballo, individual e en equipo.
- respectando a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos entre mulleres e homes.

- incentivando a busca de solucións dialogadas aos problemas.
- rexeitando a violencia e os comportamentos sexistas.
- desenvolvendo a capacidade de pensamento abstracto, a curiosidade, a creatividade e a actitude crítica.

A educación en valores non é un obxectivo único e exclusivo das materias se non que debe estar presente en todas as actividades do centro. De esta forma as diversas actividades complementarias e extraescolares irán encamiñadas a potenciar os valores anteriormente mencionados. Algunhas farano de forma máis específica como as xornadas do día da paz ou contra a violencia de xénero, pero estará presente en todas en canto a fomentar o traballo en grupo, asignación de tarefas non sexista, actitude tolerante, solución dialogada dos problemas, etc.

Haberá que incentivar a participación do alumnado na organización das actividades propostas e fomentar o funcionamento da xunta de delegados como órgano de representación do alumnado e de comunicación das súas iniciativas.

## **9. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POLA RELIXIÓN.**

No punto 4 da disposición adicional 2ª do decreto 133/2007 se recolle o seguinte “Os centros docentes disporán as medidas organizativas para que o alumnado que non curse as ensinanzas de relixión reciba a debida atención educativa, co fin de que a elección dunha ou outra opción non supoña discriminación ningunha. A devandita atención, en ningún caso comportará a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a calquera materia da etapa. As medidas organizativas que dispoñan os centros deberán ser incluídas no proxecto educativo para que nais, pais, titores e alumnado as coñezan con anterioridade.”

Con estas limitacións a atención educativa centrarase en actividades que potencien as competencias básicas de aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal con carácter xeral, sen entrar nos contidos curriculares das materias.

A estratexia de traballo estará centrada no uso dos recursos existentes na biblioteca do centro, tanto de bibliografía en papel, prensa escrita e a achega aos recursos en formato dixital.

Trataremos de fomentar as habilidades para obter información -xa sexa individualmente ou en colaboración- e, moi especialmente, para transformala en coñecemento propio, relacionando e integrando a nova información cos coñecementos previos e coa propia experiencia persoal.

A análise crítica de noticias aparecidas na prensa pode ser o argumento para que o alumnado mellore a capacidade lectora e a observación crítica dunha realidade que pode variar en función dos medios de comunicación consultado. É importante que aprendan a discernir claramente as noticias dos artigos de opinión e a sacar as súas propias conclusións.

## **10. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.**

Na CCP do 10 de outubro de 2008 apróbase un modelo para unificar as propostas dos diversos departamentos. Acórdase que todas as programacións deberán presentar o seguinte esquema:

### **MODELO DE PROGRAMACIÓN**

- 1.** Composición do departamento. Coordinación.
- 2.** Datos xerais do alumnado.
- 3.** Contribución das materias ao logro das competencias básicas.
- 4.** Obxectivos xerais da área.
- 5.** Programación das unidades didácticas por curso.
  - Obxectivos
  - Contidos.
  - Criterios de avaliación.
  - Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas.
- 6.** Temporalización.
- 7.** Criterios mínimos esixibles para unha avaliación positiva.
- 8.** Procedementos e instrumentos de avaliación.
  - Convocatoria ordinaria.
  - Convocatoria extraordinaria.
- 9.** Metodoloxía, materiais curriculares e recursos didácticos.
- 10.** Medidas de atención á diversidade.
- 11.** Programación do reforzo para a recuperación de materias pendentes.
- 12.** Actividades complementarias e extraescolares propostas.
- 13.** Contribución ao plan lector.
- 14.** Integración das TIC.

Especialmente os criterios de avaliación e metodoloxía a empregar deberán estar claramente definidos e serán presentados ao alumnado ao comezo de cada curso.

As actividades complementarias e extraescolares programadas terán que proporse nas primeiras reunións do mes de setembro para a súa inclusión no Plan xeral Anual.

## **11. LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL.**

Os departamentos de orientación priorizarán accións que se enmarquen dentro das seguintes liñas e que serán o referente para o deseño do seu plan anual:

- 1.** Actuacións referidas á actualización e elaboración dos distintos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro. Asesoramento e colaboración, no ámbito das súas competencias, na elaboración do proxecto educativo.

2. Con respecto ao resto das actuacións propias da orientación educativa, contempladas na Orde do 24 de xullo de 1998, seguen vixentes as instrucións da Circular 17/2006, do seguinte xeito:

- a. Actuacións en relación á **promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos** no marco dunha escola plural: colaboración na diagnose inicial do estado da convivencia no centro e no desenvolvemento das accións oportunas.
- b. Actuacións que teñan como eixe nuclear o plan de acción tutorial: asesoramento, colaboración e incorporación de contidos relacionados coa aprendizaxe emocional, a dinámica de grupos e a igualdade real entre homes e mulleres
- c. Actuacións que teñan como obxecto a atención a toda a diversidade presente nos centros educativos:
  - Identificación temperá de necesidades.
  - Revisión e/ou modificación das medidas de apoio e/ou reforzo que estea a recibir o alumnado para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
  - Establecemento de canles de coordinación entre orientadoras e orientadores dos centros de primaria e secundaria dunha mesma zona, de modo que se facilite o tránsito do alumnado entre etapas educativas.
- d. Proposta de actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias na vida do centro e na educación das súas fillas e fillos.
- e. Actuacións concretas referentes á orientación vocacional e profesional:
  - Actuacións que fomenten a igualdade no acceso á formación profesional, mediante: accións específicas encaminadas a reducir calquera tipo de desigualdade (de xénero, residencia, orixe...).
  - Actuacións relacionadas co fomento da cultura emprendedora e o autoemprego a través de accións transversais nos diferentes módulos e a participación en campañas, concursos, proxectos empresariais e talleres de formación para o fomento do autoemprego.
  - Actuacións en relación á etapa de **transición da formación ao mundo laboral** ou viceversa: atención preferente ao alumnado nestas circunstancias, así como persoas adultas que volven ao sistema educativo, e colaboración no seguimento da inserción laboral do alumnado que finaliza ensinanzas de formación profesional inicial.
- f. Proposta de medidas encaminadas a **diminuir o absentismo escolar e o abandono temperán dos estudos.**
- g. Actuacións relacionadas co **asesoramento ás persoas adultas** sobre as

diferentes oportunidades de aprendizaxe, incidindo principalmente nos seguintes colectivos:

- Menores de idade que non conseguiron a titulación básica e seguen ensinanzas para a obtención do graduado en educación secundaria obrigatoria.
  - Mocidade menor de idade que segue programas de cualificación profesional inicial e que busca a inserción no mundo laboral.
  - Mocidade maior de idade e persoas adultas, sen o título básico, e que teñen como obxectivo a obtención do graduado en educación secundaria obrigatoria para mellorar a súa empregabilidade.
  - Persoas adultas que desexan recoñecer as competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou doutras vías formáis e non formáis de aprendizaxe.
- h. Asesoramento xeral de saídas profesionais e elección vocacional.

O departamento de orientación adaptará para os seus respectivos ámbitos de actuación as liñas prioritarias anteriores, que serán o referente para o deseño dos seus respectivos plans anuais.

## 12. LEXISLACIÓN APLICABLE

*LEI ORGÁNICA 2/2006, de 3 de maio, de Educación, BOE do 4 de maio.*

*REAL DECRETO 1631/2006, de 29 de decembro, BOE do 5 de xaneiro de 2007, por el que se establecen las enseñanzas mínimas correspondientes a la Educación Secundaria Obligatoria.*

*Decreto 133/2007, do 5 de xullo, DOG do 13 de xuño, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Orde do 6 de setembro de 2007, DOG do 12 de setembro, pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Orde do 21 de decembro de 2007, DOG do 7 de xaneiro, pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Orde do 13 de maio de 2008, DOG do 23 de maio, pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Orde do 24 de xuño de 2008, DOG do 23 de xullo, pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Decreto 126/2008, do 19 de xuño, DOG do 23 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Orde do 23 de xuño de 2008, DOG do 24 de xuño, pola que se modifica a do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Decreto 124/2007, do 28 de xuño, DOG 29 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.*

Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004 (*BOPG* nº 622, do 7 de setembro) Área 1. Ensino. Grupo de medidas 2.1.H.

*Decreto 85/2007, do 12 de abril, DOG do 8 de maio, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.*

Instrucións do 17 de outubro de 2007 sobre a constitución do Observatorio da Convivencia nos centros educativos e para a elaboración dos plans de convivencia.

Instrucións da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para a avaliación dos módulos obrigatorios en programas de cualificación profesional inicial (marzo de 2009)

O presente Proxecto Educativo de Centro foi elaborado e debatido durante o curso 2008–09, sendo aceptado finalmente na sesión do Claustro de profesorado do día 30 de xuño de 2009 e aprobado na sesión do Consello Escolar celebrada no mesmo día.

Entra en vigor dende o día seguinte a súa aprobación polo Consello Escolar.

Na Serra de Outes a 30 de xuño de 2009  
O DIRECTOR

Asdo.: Daniel Losada Andreu